



PLAN de CONVIVENCIA

IES CHAN do MONTE. MARÍN

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/06/2021

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 30/06/2021

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

Este documento intégrase no PEC e resulta coherente coas súas directrices. Ten en conta propostas do claustro. Foi elaborado pola comisión de convivencia e informado polo consello escolar. A concreción anual do mesmo incluírase na PXA.

TÁBOA DE CONTIDO

Índice de contenido

INTRODUCCIÓN.....	4
1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO.....	4
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.....	6
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.....	11
3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS.....	11
3.2. ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO, COAS SEGUINTE PREVISIÓNS.....	15
3.3. PROTOCOLO de ABSENTISMO.....	18
3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA, ESTABLECIDAS NOS PLANS DE CONVIVENCIA.....	18
3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	19
3.6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO , COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.....	21
3.7. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	22

INTRODUCCIÓN

O Plan de Convivencia é o documento no que se articulan as liñas xerais do modelo de convivencia que o Centro quere implantar, os obxectivos específicos que precisamos alcanzar, as normas que nos regulan e as actuacións que se deben realizar para a consecución deses obxectivos. Recóllense nel os fins e principios establecidos na Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas, sobre a base dun diagnóstico previo das necesidades actuais, e debe constituír a guía reguladora de toda a comunidade educativa de cara a potenciar a adquisición das habilidades necesarias para un adecuado clima de convivencia, fomentando a igualdade, o respecto ás diferencias, a resolución dos conflitos de forma pacífica, a mediación, a responsabilidade e a participación crítica e activa no centro e na sociedade.

1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU CONTORNO

O I.E.S.Chan do Monte está situado na parroquia de Mogor (San Xurxo) pertencente ao concello de Marín. O instituto aséntase na periferia do centro urbano do concello de Marín, apenas a un quilómetro de distancia do centro da vila, e a escasos metros da estrada de Marín a Bueu.

O IES Chan do Monte comezou a súa andaina en 1980 como centro de Formación Profesional de Xestión Administrativa, Electricidade Industrial e Marítimo Pesqueira e, no seu segundo ano de existencia, como primeiro centro de Galicia no que se imparte a especialidade de Informática de Xestión. No curso actual 2020-21 téñen matriculados 680 alumnos nas seguintes ensinanzas:

- E.S.O. liña 1(tendo como centros adscritos os de Seixo e Ardán)
- FP Básica (Informática de Oficinas e Mantemento de Vivendas)
- FP Grao Medio das familias profesionais de Administrativo, Comercio, Informática e Servizos a Producción que inclúe os Ciclos Medios de Xestión Administrativa, Actividades Comerciais, Microinformáticos e Redes e Instalación Frigoríficas e de Climatización.
- FP Grao Superior das familias de Informática e Comercio, que inclúe os Ciclos Superiores de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma e Xestión de Ventas e Espazos Comerciais.

- Bacharelatos de Ciencias e de Humanidades e Ciencias Sociais.
- FP en réxime modular da familia Profesional de Informática que inclúe o Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes e o Ciclo Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web
- FP dual .Ciclo de Calor

Agás o alumnado da ESO, o resto podemos dicir que procede tanto do concello de Marín como de concellos limítrofes: Bueu, Cangas, Moaña, Pontevedra,.....

O centro dispón de un total de 17 aulas específicas: aula de música, aula de plástica, 3 laboratorios de física, química e bioloxía e xeoloxía; talleres de tecnoloxía da ESO, bacharelatos, ciclos formativos, etc. Está composto por varios espazos, cunha superficie de 6300 m², dos cales 2000 m² pertencen a edificacións e o resto pertence a zonas deportivas e axardinadas.

- Edificio principal, con baixo e dous andares.
- Ximnasio.
- Taller de Tecnoloxía.
- Taller de Hardware.
- Taller de Instalacións Térmicas.
- Taller de Instalacións Eléctricas.
- Taller de Mecanizado.
- Taller de Escaparatismo.
- Dúas pistas polideportivas.
- Zonas de aparcadoiro e xardíns.

O seu contorno é rural con zonas arboladas e a construción da zona é basicamente de vivendas unifamiliares. En canto aos servizos, o Centro ofrece:

- Servizo de transporte escolar gratis para os alumnos da ESO, tendo que contratar coa empresa o resto do alumnado ou utilizar medios propios.
- Biblioteca, que conta cun profesor encargado de coordinar a súa administración e con un grupo de profesores colaboradores.
- Conserxería, que conta con dous conserxes en horario de diúrno e un e horario de adultos.
- Secretaría-Administración, que conta cun secretario e dúas auxiliares.
- Páxina web, na que se atopa información relativa ó PEC e ó PCC, así como a oferta educativa cos prazos e norma de matrícula respectivos, entre outros Servizos.
- Cafetería, con servizo de en horario de diúrno e adultos.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

Na actualidade o clima de convivencia consideramos que é bo, aínda que como todo, mellorable. Levamos tres anos que, dentro do PFPP temos marcadas como unha das liñas de traballo, a mellora da convivencia no centro partindo da idea de que a diversidade é enriquecedora e a inclusión é a vía para mellorar o clima de convivencia na nosa comunidade. Prodúcese algún conflito, pero ningún deles de gravidade. Os principais problemas de conduta son os seguintes:

- **Conflitos entre o alumnado.** Son conflitos propios das idades do alumnado que temos no centro. Moitas veces son conflitos que veñen de etapas anteriores e principalmente se dan nos grupos da ESO xa que o alumnado, na súa maioría forman un grupo compacto dende E. Primaria e ao ser liña un non podemos traballar na formación de grupos heteroxéneos.
- **Conflitos entre alumnado e profesorado.** Non son frecuentes entre o alumnado da ESO e sí máis frecuente entre o alumnado de Ciclos Formativos e Bacharelato. Son incidentes relacionados con discrepancias en las calificacións ou en metodoloxía do nivel educativo. Na súa meirande parte estes conflitos son solucionados a través dos delegados e dos titores, sendo poucos os que derivan nalgún tipo de expediente disciplinario.

O Centro traballa en colaboración cos Servizos Sociais do Concello de Marín e tamén con outras asociacións a través das que se poden facer derivacións específicas a un terapeuta familiar.

- **Conduñas disruptivas.** Son os comportamentos non agresivos que deterioran ou interrompen o proceso de ensinanza e aprendizaxe na aula tales como: chegar tarde á clase, levantarse sen permiso, desobedecer ao profesorado, interromper, molestar e non deixar dar clase, desconsideración verbal ou xestual cara as/aos compañeiras/os, falar a destempo ou nun ton improcedente. É unha das situacións máis comúns entre o alumnado que afecta principalmente aos cursos de Bacharelato, da ESO e FPB, especialmente ao alumnado que perdeu o interese polos estudos. Esta conduta aínda que se é unha conduta disruptiva e molesta para o normal

desenvolvemento das clases, non é frecuente nin numerosa nestas etapas, nin pode considerarse grave.

O aumento do número de alumnado por aula incide directamente no aumento desta conduta ao dificultar a atención individualizada e o seguimento personalizado por parte do profesorado. Por este motivo considéranse moi positivos os desdobres nos cursos de ESO.

• **Incumprimento das normas.**

- **Limpeza e coidado do entorno.** Para a mellora deste punto formulamos o Plan de limpeza.

- **Consumo de tabaco ou outras sustancias dentro do recinto escolar.** Dentro do recinto escolar está prohibido para toda a comunidade educativa fumar. A día de hoxe temos que sinalar que saír a fumar xa é un comportamento afianzado e que só nos atopamos estes incidentes nalgúns alumnos/as que por ser menores de idade non poden abandonar o centro durante o período lectivo, de ahí a presenza dalgún deste incidentes

- **Absentismo escolar.** Casos puntuais abordados a través do protocolo do noso centro e o proposto pola Consellería de Educación ata os 16 anos.

- **Saídas do centro.** Algúns alumno/as menores de idade tentan saír do centro durante o tempo de lecer, ás veces durante os recreos. En bacharelato, nalgúns horas que non teñen clase por ausencia do profesorado e en época de exames. O profesorado de garda vela para que isto non ocorra; porén, ás veces, atopamos algunhas dificultades para o control desta situación.

- **Faltas inxustificadas de puntualidade:** especialmente a 1ª hora e despois do recreo.

- **Uso de móbiles.** No centro restrinximos totalmente o uso do móbil e a recomendación cara ao alumnado é non traelo, este quizais o motivo que ocasiona un maior número de apercibimentos. A día de hoxe o número de incidencias por este motivo baixou considerablemente, sendo na actualidade o incumprimento das normas covid o motivo máis habitual de incumprimento

- **Rexeitamento á aprendizaxe.** É un problema de convivencia escolar que aparece nalgúns cursos de Bacharelato, da ESO e FPB. Son comportamentos que afectan ao proceso de ensino–aprendizaxe proposto para o grupo–clase

tales como: non realizar tarefas propostas en clase ou para a casa, falta de estudo e traballo persoal, carencias de hábitos e técnicas de estudo e traballo, e, non traer ou negarse a usar os materiais de traballo. Nestes casos o traballo do equipo docente é fundamental e importante, de feito o labor levado a cabo estes últimos anos está a dar os seus frutos e cada vez os grupo funcionan moito mellor.

• **Acoso escolar.** Existe acoso escolar cando unha/un alumna/o se ve exposta/o de forma repetida e deliberada a un maltrato verbal, físico, social e/ou psicolóxico por parte dunha/dun compañeira/o ou grupo de compañeiros/os, co obxecto de sometela/o e amedrentala/o, atentando contra a súa dignidade e integridade física ou moral, ben directamente ou a través das redes sociais (ciberacoso). **Os casos que se poden tipificar como acoso escolar non existen no noso centro**

Os informes da Xefatura de Estudos sobre convivencia son unha fonte de información cuantitativa que e complementaria as enquisas de convivencia e que non debemos desprezar. A análise desta información non é completamente xeneralizable posto que, grazas á unificación de normas e procedementos ante condutas contrarias á convivencia no Claustro de profesorado, non todos os incidentes son valorados e resoltos en Xefatura de Estudos e son arranxadas pola labor dos titorías. Non obstante, serve como instantánea da realidade do centro. Non mostra todo o que hai, pero paga a pena analizar o que mostra: amoestacións escritas; saídas a aula de convivencia; comparecencias en Xefatura de Estudos; correccións leves que supoñen as suspensións de asistencia a actividades extraescolares e as correccións por impuntualidade, e as expulsións e os expedientes disciplinarios.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DERIVADOS DA ANÁLISE PREVIA.

O plan de convivencia, que terá como referentes os fins e principios informadores da convivencia nos centros docentes, recollidos no artigo 3 da Lei 4/2011, explicitará aqueles principios consensuados pola comunidade educativa que rexerán todas as actuacións e intervencións. Na Comunidade Autónoma galega, os obxectivos xerais do plan de convivencia, aparecen regulados no artigo 12 do Decreto 8/2015 e relaciónanse cos fins e principios regulados no artigo 3 da Lei 4/2011.

1. Crear nos alumnos a necesidade dunhas normas comúns a todos os compoñentes da comunidade educativa e tamén normas específicas para a boa convivencia entre alumnos.
2. Informar dos obxectivos do Plan de Convivencia, Regulamento de Réxime Interior e procedemento de corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia aos alumnos, pais, profesores e persoal non docente.
3. Manter unha comunicación fluída cos alumnos mediante os titores como principal mediador, pero tamén dando importancia á figura do delegado de grupo como interlocutor ou tamén mediador nos conflitos.
4. Minimizar os conflitos nos intercambios de clase, recreos e saídas do centro, poñendo medidas que os eviten no posible.
5. Traballar axeitadamente para diminuír o absentismo escolar estudando os factores particulares que levan aos alumnos a faltar a clase, especialmente no Bacharelato.
6. Dotar ao profesorado das ferramentas e apoio necesarios nos conflitos que xurdan, así como asesoralos nas posibles actuacións que poden realizar para intervir na súa solución.
7. Promover medios directos de comunicación entre o alumnado e o equipo directivo onde se poidan prantexar suxerencias, queixas...
8. Sensibilizar aos compoñentes da comunidade educativa das situacións de maltrato e acoso entre iguais (bullying) promovendo accións de prevención de posibles situacións conflictivas.
9. Acadar uns espazos físicos (aulas, obradoiros, corredores, biblioteca, etc.) cun ambiente adecuado, limpo, para que facilite as actitudes e condutas positivas, xa que os ambientes deteriorados fomentan o mal uso das instalacións e as condutas agresivas.
10. Manter unha relación directa con outras institucións para a formación dos alumnos e promover actividades que fomenten os hábitos saudables, eviten o consumo de alcohol, tabaco e outro tipo de drogas.

11. Traballar para que o alumnado adquira habilidades sociais e un desenvolvemento emocional axeitado para poder reaccionar con normalidade nas situacións cotiás.

12. Desenvolver no alumnado actitudes de compañeirismo, tolerancia, respecto doutras culturas e sensibilización dos problemas das persoas con algún tipo de discapacidade.

13. Fomentar actitudes que favorezan a igualdade entre ambos sexos e a prevención do maltrato á muller.

14. Avaliar periodicamente a situación da convivencia no centro e promover accións inmediatas que melloren dita convivencia.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS, REEDUCADORAS E CORRECTORAS.

I) Actividades do plan de acollida.

O **Plan de Acollida** do noso instituto **está recollido nas Normas de Organización e funcionamento do centro (NOFC)**, polo que os eixos de traballo defendidos neste documento e a filosofía e valores expostos son a mellor presentación e xustificación deste Plan.

O plan de acollida é un conxunto de actuacións que o noso centro educativo pon en marcha para facilitar a incorporación e adaptación dos novos membros que van formar parte da comunidade educativa (alumnado e a súas familias, profesorado e persoal de administración e servizos) e desenvolver unhas relacións positivas que logren un clima escolar idóneo para facilitar o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

A finalidade do plan de acollida é minimizar as dificultades que poidan ter calquera persoa na súa incorporación e integración ao noso centro, facilitando un mellor coñecemento da organización do centro educativo e establecendo unha boa comunicación e relación entre os diferentes membros da comunidade educativa.

II) Actividades que incorporen aspectos relacionados co auto-concepto, a autoestima e a educación afectivo – sexual.

Cada curso escolar se organizarán diferentes tipos de actividades como charlas, obradoiros, participación en programas da Consellería e outros organismos. Estas actividades quedarán reflectidas na PXA, PAT, PAD e programacións dos diferentes departamentos. Como exemplo enmarcado no programa Club de Lectura “Labirintos de Mogor”, no proxecto de dinamización dá Biblioteca,

promove a participación do alumnado en experiencias lectoras compartidas, que facilitan a socialización entre iguais e tamén interxeracional. Proporciona a oportunidade de compartir gustos, emocións, inquietudes, en definitiva, a adquisición dos bens inmateriais que interveñen na formación do individuo como tal, reforzando o auto concepto, autoestima e educación afectivo – sexual.

III) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.

Enmarcado no Club de Letras, o programa “Inclusión das mulleres nos ámbitos da Historia, artes e Filosofía”, realizarase unha revisión curricular sobre a presenza das mulleres nos ámbitos da Historia, Arte e Filosofía. Contribuír a realizar un plan de mellora para a inclusión das mulleres nos ámbitos citados. Monografía sobre as mulleres máis destacadas nos períodos históricos estudados. Exposicións mensuais sobre as artistas máis destacadas nos períodos históricos estudados. Actividades relacionadas cos Dereitos da Muller. Club de cine con actividades relacionadas cos Dereitos da Muller (Debates, visionados, etc...)

IV) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

Os obxectivos de estas actividades son : Educar aos nosos alumnos/as en igualdade. Conseguir que os nosos alumnos/as sexan persoas responsables, e teñan presente os valores de igualdade e respecto a outras persoas. Potenciar a creatividade do noso alumnado, e darlle a coñecer a achega da muller ao longo dos séculos nos diferentes ámbitos de coñecemento. Coñecer a realidade do mercado laboral e da situación discriminatoria que sofren moitas mulleres cando entran no mercado laboral. Recoñecer o esquecemento que sufriron as diferentes personalidades femininas o longo da historia galega. Así dentro do Plan Proxecta “Donas de si” o programa “Para cando o meu nome”. Visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico, científico e cultural e

se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias.

V) Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo

Elaborado polo departamento de orientación e aplicado conxuntamente co profesorado, familias e servizos sociais.

MEDIACIÓN ESCOLAR

A mediación é un medio alternativo de solución de conflitos na que un terceiro (ou terceiros) neutral e imparcial, trata de achegar as partes que teñen unha confrontación, para que cheguen a un acordo, que é produto das súas vontades.

Na nosa vida cotiá prodúcese continuamente conflitos e saber solucionarlos de forma pacífica é vital no proceso formativo dunha persoa. O noso Centro non é alieo a esa realidade e a Comunidade do IES Chan do Monte aposta pola mediación escolar, entre outras medidas, para transmitir unha cultura de solución pacífica de problemas, na que tanto o grupo de mediación, o alumnado mediado e quen presencia os conflitos, aprendan a solucionarlos de forma autónoma e sen violencia.

O equipo de mediación actúa como un catalizador do acordo no que ambas as partes ganan. Coa mediación prevense a violencia escolar nos centros educativos e redúcese o número de sancións.

VI) Aula de convivencia inclusiva.

Organización

- ✓ Cando a actitude dun alumno/a perturbe de maneira reincidente o normal desenvolvemento dalgunha das actividades do centro, o profesor/a testemuña pode amoestalo cun apercibimento de conduta contraria ás normas de convivencia do centro e envíalo á Aula de Convivencia.
- ✓ Cando un alumno/a sexa enviado á Aula de Convivencia deberáselle indicar tarefa para realizar durante a súa estancia nela.

- ✓ Ningún alumno/a pode ser enviado á Aula de Convivencia sen ir acompañado do parte de incidencia debidamente cuberto, no cal o/a profesor/a indicará claramente a causa que o motivou e as tarefas que o alumno/a deberá realizar.
- ✓ O alumno/a dirixirase, acompañado/a do delegado/a ou doutro compañeiro/a, á Aula de Convivencia en procura do profesor/a de garda. En caso de que non haxa profesorado de garda dispoñible localizarase o membro do equipo directivo de garda para que atenda o alumno/a.
- ✓ O profesor/a que recibe o alumno/a completará o parte, de xeito que quede nel constancia expresa de que o alumno/a queda atendido por un profesor/a responsable. O alumno/a acompañante volverá á aula co parte completado e devolverallo ao profesor/a da materia.
- ✓ En ningún caso poderá haber alumnado só na Aula de Convivencia polo que, de non atoparse profesor/a responsable, o alumno/a amoestado deberá regresar á aula xunto co seu acompañante. Nese suposto, o profesor/a que expulsou o alumno/a fará igualmente entrega do parte ó final da sesión/xornada.
- ✓ O profesor/a de garda encargarse de supervisar o alumno/a e de controlar que realice o traballo indicado polo profesor/a da materia. Cando toque o timbre de fin da sesión o alumno/a volverá incorporarse á aula de forma ordinaria.
- ✓ O profesor/a que expulsou o alumno/a debe entregar o apercibimento en xefatura de estudos ou ben depositalo na bandexa da sala do profesorado destinada a tal fin.
- ✓ Ademais, o profesor/a será o encargado de comunicar no mesmo día a expulsión á familia (ou ao titor/a legal) do alumno/a, a través de chamada telefónica (indicando día e hora na parte correspondente do parte) ou de notificación escrita que o alumno/a deberá devolver asinada polo pai/nai en canto volva ter clase co profesor/a implicado/a.
- ✓ É responsabilidade do profesor/a da materia comunicar a incidencia á familia, polo que no caso de elixir a notificación escrita deberá asegurarse de recuperala asinada e de entregala en xefatura de estudos ou deixala na bandexa da sala do profesorado destinada a tal fin.

✓ A Xefatura de Estudos fará unha copia do apercibimento que será depositada no casilleiro do titor/a do curso ao que pertence o alumno amoestado, e será o titor/a o/a responsable de rexistrar dito apercibimento no Xade.

APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS

✓ Cando un alumno/a reciba un apercibimento e sexa expulsado da aula, será privado do traballo co resto do grupo e deberá realizar as tarefas indicadas na Aula de Convivencia baixo a supervisión do profesorado de garda. Dependendo da natureza da conduta que ocasionou a expulsión poderán aplicarse outras correccións.

✓ A acumulación de 3 partes debidos a faltas leves suporá unha falta grave e, polo tanto, a aplicación das medidas correctoras oportunas.

✓ Pola comisión de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia o Director/a poderá proceder directamente á apertura dun expediente disciplinario.

✓ A xefatura de estudos encargarse de informar o profesor titor/a, que recibirá no seu casilleiro unha copia dos partes impostos ao alumnado da súa titoría. Tamén se ocupará de notificar ás familias as medidas correctoras que se aplicarán.

3.2. ACTUACIÓNS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO, COAS SEGUINTE PREVISIÓNS

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dunha alumna ou alumno por outra, outro ou outras/os, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar deben cumprirse tres criterios diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima:

a) A existencia de intención de facer dano. Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

- b) A repetición das condutas agresivas.
- c) A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa ou persoas agresoras.

O acoso pode manifestarse de moi diversas formas: maltrato verbal ou físico (contra a persoa vítima ou os seus obxectos persoais), intimidación, illamento ou exclusión social e marxinação social. Algunhas destas manifestacións poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e comunicación dando lugar así ao ciberacoso, que será igualmente sancionable dende o centro aínda que non se produza neste.

Considérase discriminacións, especialmente sociais e /ou raciais aquelas que impliquen calquera acto discriminatorio ou trato de inferioridade a unha persoa ou colectivo por motivos raciais, sociais, relixiosos, económicos, biopsicológicos, de idade, etc.

Considérase discriminacións sexuais, de xénero e de sexualidade non soamente dos micro machismos no sentido popular senón de aquelas manifestacións discriminatorias que aparecen na linguaxe e nos comportamentos do día a día. Actitudes ás veces inconscientes ou non que atentan contra á igualdade.

IMPLICACIÓNS PARA O ALUMNADO: Fomentar a boa convivencia no centro. ü Manter unha actitude de respecto e cara aos seus compañeiros/as. ü Denunciar calquera situación de acoso ou discriminación que se detecte na súa contorna. ü Facer uso da caixa de correos para denunciar / avisar calquera situación de acoso persoal ao de outros compañeiros/as.

IMPLICACIÓNS PARA O PROFESORADO: Observar calquera situación no alumnado que poida ser ou derivar nun caso de acoso escolar ou discriminación. ü Informar ao Profesorado Titor e Xefatura de Estudos cando detecte unha situación de acoso escolar ou discriminación que poda derivar nela. ü Fomentar unha boa convivencia entre o alumnado do centro como medida preventiva. ü Favorecer procesos de acordo e mediación entre iguais. ü Solicitar asesoramento no Departamento de Orientación para o tratamento dos casos de acoso escolar e /ou discriminación.

CORRECCIÓN: Aínda que os modelos preventivos de carácter xeral no ámbito de centro e de aula son a mellor vía para que os problemas de convivencia se reconduzan de xeito positivo e se garanta unha axeitada convivencia escolar, en ocasións, xorden episodios graves coma o acoso ou a discriminación que precisan dunha intervención moi particular. Unha vez detectados indicios da existencia no centro dunha posible situación de acoso escolar ou discriminación, é necesario coñecer cales son as medidas que deben ser adoptadas, posto que unha intervención rápida e efectiva que implique a toda a comunidade escolar (alumnado, familia e docentes) pode evitar un agravamento da situación. Para isto, é conveniente ter establecido un claro plan de actuación onde se recolla un conxunto de medidas destinadas a frear e paliar a situación de acoso ou discriminación. Nos casos de acosos escolar actuarase empregando o protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso publicado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en outubro de 2015 no portal Educonvives. Nos casos de discriminación, ao non existir aínda un protocolo específico, seguirase o procedemento establecido para unha conduta gravemente prexudicial mediante o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia. Estes protocolos, ao igual que calquera outro, precisa da corresponsabilidade da comunidade educativa na xestión dos conflitos, o que supón a revisión e optimización das canles de información, comunicación e participación, a revisión e actualización dos documentos institucionais e o fomento das relacións con outros axentes sociais (servizos sociais, sanitarios, policiais, xurídicos...). Para favorecer o repartimento de responsabilidades e a coordinación na acción, propónse adoptar diferentes fases, tal e como se recolle nos esquemas destes protocolo.

GRADACIÓN DAS CORRECIÓNS: A gradación da corrección do acoso escolar seguirá o procedemento descrito no protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso publicado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de actos de discriminación seguirase o procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia. En ambos casos contarase coa colaboración do Departamento de Orientación por se foran precisas outras derivacións. Ademais fomentaranse medidas reparadoras, conciliadoras e formativas.

3.3. PROTOCOLO DE ABSENTISMO.

.Para os casos de menores de 16 anos o control de asistencia estará suxeto ao Protocolo de Absentismo da Consellería de Educación. No caso dos maiores de 16 anos que cursen ciclos formativos de FP básica, medios ou superiores establécense nas NOFC as faltas xustificadas, as que poden xustificarse e o % de faltas que serán obxecto de apercibimento ao alumno e posterior perda de avaliación continua.

3.4. ACTUACIÓNS FORMATIVAS, PARA O PROFESORADO E A COMUNIDADE EDUCATIVA, ESTABLECIDAS NOS PLANS DE CONVIVENCIA

I. Formación do profesorado (cursos, seminarios, PFP)

Os recursos humanos cos que conta o centro para a implementación do plan de convivencia son: **todo o profesorado**, posto que de calquera profesor/a se espera del/a que cumpla e faga cumprir as normas de convivencia do centro; **a comisión da convivencia**, que regula e decide as liñas mestras do plan; **o equipo de orientación e os tutores**, posto que a través do plan de acción tutorial é como se traballan os valores relacionados coa convivencia; finalmente **o equipo directivo**, que coordina o traballo en conxunto do persoal anteriormente descrito.

A posta en marcha do plan de convivencia no noso centro, en concreto para a aplicación e posta en funcionamento da aula de convivencia, está supeditada ao profesorado que realiza gardas nesta aula. Como complemento ás actividades coordinadas e implementadas polo profesorado, contaremos ocasionalmente con persoal alleo ao centro (Cruz Vermella, Servizos Sociais, Consellería de Familia/Igualdade...), como xa fixemos nalgunha ocasión, para traballar aspectos relacionados coa convivencia desde distintos puntos de vista (maltrato infantil, abuso/acoso escolar, educación en valores, igualdade home/muller, etc.) Finalmente, é frecuente atopármonos con numerosos casos en que a actuación co alumnado, despois de pasar polos distintos niveis de competencia (titoría, departamento de orientación, xefatura de estudos e dirección) chega a un momento en que non se pode actuar máis, posto que o profesorado non ten certas competencias para actuar no seo das familias. E esa posible actuación no ámbito familiar coidamos que sería moi beneficiosa para poder resolver certas

situacións que desgraciadamente se dan con frecuencia (abandono e malos tratos, absentismo, falta de colaboración e implicación nos estudos dos fillos, etc) .

O centro comprométese a por en funcionamento actividades de formación de profesorado para aplicar medidas enfocadas á resolución de conflitos. En caso de haber profesorado suficiente, o centro promoverá e facilitará a formación dun grupo de traballo sobre convivencia que afonde nalgún dos seguintes puntos: “Intelixencia emocional e resolución de conflitos”, “Organización do centro, aplicación práctica do plan de convivencia”, “Formación de alumnado para a mediación”, “Traballo coas familias: aspectos prácticos e legais”.

3.5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

No artigo 18 do Decreto 8/2015 fáise referencia ás Normas de Organización e Funcionamento (NOF). Trátase dun documento institucional independente nos centros educativos, pero con fundamento no seu Proxecto Educativo (PEC), sendo as súas liñas xerais as que deban inspirar o seu desenvolvemento. Son un conxunto de normas relativas á organización e funcionamento do centro e xorden da participación e do consenso de toda a comunidade escolar (alumnado, profesores, persoal de administración e servizos e mais e pais do alumnado) .No art. 19 do Decreto 8/2015 indícase que as normas de convivencia, que serán elaboradas polos centros docentes, terán como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre os diferentes membros da comunidade educativa para acadar un clima escolar idóneo que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

As Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC) do IES Chan do Monte de Marín foron aprobadas polo Claustro e o Consello Escolar o 14 de setembro de 2018 e o 4 de setembro de 2020 foron revisadas por primeira vez .No seu punto 4 establécense as: “Estratexias Organizativas para garantir o éxito do Plan de Convivencia” (p.79) e no punto 4.1 a “Aplicación de Medidas Correctoras”(p.80).No punto 11 (pp.228-239) :”Normas de Convivencia” detállanse:

11.1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia(p.230)

11.2. Condutas leves contrarias á convivencia(p.232)

11.3. Medidas correctoras(p.233)

11.4. Procedemento Conciliado de Resolución de Conflictos(p.234)

11.5. Medidas Correctoras das Condutas Gravemente Prexudiciais para a convivencia(p.235)

11.6. Medidas Correctoras das Condutas Leves Contrarias á Convivencia(p.236) e Gradación das Medidas Correctoras(p.237) que inclúe : o Procedemento para a Imposición das Medidas Correctoras de Condutas Gravemente Prexudiciais para a Convivencia(p.237) e o Procedemento para a Imposición das Medidas Correctoras de Condutas Leves Contrarias á Convivencia(p.239)

NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO (COMPOSICIÓN, FUNCIÓNS E PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS)

A Comisión de Convivencia no centro está formado no seo do consello escolar e está composto polos seguintes membros: - Director - Xefe de estudos - Xefe de estudos de adultos - Orientadora - Representante do alumnado - Representante de pais e nais - Representantes do profesorado - Representante do concello de Marín. Poderán tamén participar, se a **comisión o considera oportuno, os titores/as implicados nun caso concreto** e os profesionais de servizos sociais, sanidade, asociacións, etc. que poidan aportar algo á mellora da convivencia no centro.

A Comisión de Convivencia marcará as directrices para a elaboración e dinamización do plan de convivencia do centro. Preceptivamente, esta comisión reunirse unha vez ao trimestre para facer o seguimento da situación da convivencia no centro e informará da mesma ao consello escolar. Tamén fará unha memoria a final de curso na que reflectirá o grao de cumprimento do plan no centro. Ademais, a comisión coordinará as actuacións conxuntas das partes implicadas na mellora da convivencia do centro. Reunirse tamén se se presenta un caso grave de alteración da convivencia no centro e tentará dar a solución máis efectiva dende o punto de vista do resultado da medida tomada para a resolución do conflito, pero tamén dende o punto de vista educativo, buscando a corrección das actitudes e procurando que non se volvan repetir.. A función desta comisión é analizar periódicamente a situación da convivencia no centro e as circunstancias particulares de determinadas condutas e propoñer e axudar á toma de decisións sobre corrección de condutas graves. No caso de existir un grupo de

profesorado e/ou alumnado suficientemente formado aplicaríase formalmente a mediación no conflito por parte da persoa que a comisión de convivencia considerase oportuno.

3.6. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO , COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO

Para facer do noso instituto un espazo de convivencia para unha cidadanía libre, crítica, solidaria e responsable é imprescindible a implicación de toda a comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias, Concello e outros organismos e asociacións e colectivos) tanto no deseño e elaboración do plan (con propostas de actuación para a prevención e resolución de conflitos, desde distintas perspectivas) como na súa aprobación, posta en práctica e respecto. As NOFC do IES Chan do Monte inclúen no apartado 2: "NORMAS de FUNCIONAMENTO INTERNO dos ÓRGANOS COLEXIADOS e as COMISIÓN QUE NELES se CONSTITÚAN (pp.15-78) os diferentes órganos colexiados , comisións que se constituiron así como a coordinación entre eles.

No caso das familias establécense os seguintes mecanismos de colaboración e coordinación: .

Coordinación coas familias: Definimos unha serie de medidas concretas para á coordinación coas familias:

- Reunións recollidas no Plan de Acolida destinadas ás familias do alumnado de nova incorporación.
- Reunións periódicas co Profesorado Titor. Todo o profesorado conta cunha hora semanal para a atención ás familias e/ou representantes legais.

As familias recibirán atención en grupo ou individualmente, segundo as circunstancias, mediante:

Entrevistas individuais previa cita, sempre que algunha das partes o solicite.

Conversas telefónicas sempre que o profesorado titor o decida e poida.

Nalgúns casos, e sempre que as dúas partes así o consensúen, a comunicación poderá realizarse a través do correo corporativo da Xunta.

- Entrevistas cos membros do Departamento de Orientación. O alumnado, a súa familia ou representantes legais e/ou o seu titor poden solicitar unha reunión coa persoa orientadora.

3.7. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Para levar a cabo este plan precisase da participación activa do alumnado, a colaboración das familias e da complicitade e traballo do equipo docente.

É imprescindible que o plan de Convivencia, unha vez aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar, sexa coñecido por todos os membros da comunidade educativa para o cal se realizarán as seguintes actuacións:

- Comunidade educativa: O plan publicarase na páxina web do centro, na intranet e depositarase unha copia nos despachos de Dirección e Xefatura de Estudos.
- Profesorado: A través das convocatorias de claustro e Consello Escolar. Tamén se depositará unha copia na sala de profesores.
- Familias: Nas reunións de inicio de curso infórmase as familias das principais accións que fomenten a boa convivencia no centro e tamén das Normas de Convivencia.
- Alumnado: O alumnado recibirá, a través da xunta de delegados, toda a información relativa ao Plan de Convivencia e as NOFC, ademais dos canais anteditos. Tamén se adicarán sesións de tutoría específicas para que os alumnos e alumnas o coñezan.

O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da Comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas. O seguimento do Plan correrá a cargo da Comisión de Convivencia. A avaliación realizarase de maneira continua, mediante a observación, intercambio de opinións e cuantificación de indicadores entre os diferentes sectores da comunidade educativa, ao longo do ano.

Para a avaliación do Plan de Convivencia realizaranse as seguintes accións:

1. Os titores reuniranse periodicamente co Xefe de Estudos para comentar o desenvolvemento do Plan e planificar as actuacións que se deben levar a cabo.

2. Ao remate de cada avaliación a Xefatura de Estudos valorará o desenvolvemento do Plan, tendo en conta o número e importancia das actuacións contrarias á convivencia e as actuacións realizadas, a súa valoración e as propostas de mellora para o período seguinte.

3. O equipo directivo elaborará ao final de cada curso académico unha memoria que avalíe o Plan de Convivencia. Darase a coñecer ao claustro de profesores, Consello Escolar, e a Xunta de Delegados de alumnos, para que poidan realizar propostas de mellora.

Na devandita memoria reflectirase:

- O grao de implicación dos diferentes sectores da comunidade educativa.
- O grao de desenvolvemento das actividades propostas.
- As Incidencias no centro, distribuídas por niveis educativos.
- As medidas adoptadas.
- A resolución de conflitos xerados.
- Os casos de acoso escolar detectados.
- As propostas de mellora.

Esta Memoria ou Informe será aprobada polo Consello Escolar e formará parte da Memoria Anual do Centro.